



## Teaching Guide

Identifying Data					2022/23
Subject (*)	Complementary contents for the Galician and Spanish education of the literature			Code	652608812
Study programme	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	Yearly	First	Obligatory	4	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme		E-mail	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Lecturers	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Rico Alonso, Sonia		E-mail	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es sonia.rico.alonso@udc.es	
Web					
General description	O obxectivo xeral desta materia consiste en asegurar o coñecemento dos contidos relevantes da especialidade e das súas tendencias actuais.				

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
A3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
A7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
A8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
A10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A11	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
A13	Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos.
A17	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A18	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares.
A19	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A21	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A25	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A26	Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A27	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A32	Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
A33	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
A34	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A35	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecer o valor formativo e cultural das literaturas galega e castelá	AJ1 AJ6 AJ13 AJ15 AJ16 AJ17 AJ19		CC1
Coñecer os contidos que se cursan en ensino secundario e bacharelato nas materias de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá.	AJ6 AJ13 AJ15 AJ16 AJ17 AJ19		CC1
Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, así como as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.	AJ3 AJ6 AJ13 AJ15 AJ16 AJ17 AJ19 AJ21 AJ25 AJ33		CC1 CC4 CC7
Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos para as materias de literaturas galega e castelá.	AJ7 AJ13 AJ21 AJ27 AJ32 AJ33		CC1 CC6
Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito das literaturas galega e castelá.	AJ3 AJ11 AJ15 AJ19 AJ25 AJ32 AJ33 AJ35		CC1 CC4 CC8



Saber analizar a historia da literatura desde unha perspectiva contextual, considerando as condición históricas e sociais particulares que condicionaron as posibilidades de manifestación literaria no caso dos homes e das mulleres.	AJ3 AJ8 AJ10 AJ13 AJ14 AJ15 AJ16 AJ17 AJ19 AJ21 AJ25 AJ26 AJ27 AJ32 AJ33 AJ35	CC1 CC4 CC6 CC7 CC8
Identificar e comprender como a literatura escrita por mulleres ten modificado o canon literario ao incorporar unha visión, unha voz e unha escrita propias.	AJ3 AJ8 AJ10 AJ13 AJ14 AJ15 AJ16 AJ17 AJ19 AJ21 AJ25 AJ26 AJ32 AJ33 AJ35	CC1 CC4 CC6 CC7 CC8
Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das literaturas galega e castelá e expor alternativas e solucións.	AJ13 AJ19 AJ25 AJ26 AJ27 AJ33	CC1 CC3 CC4 CC7 CC8
Ser quen de producir textos escritos, debidamente elaborados e ordenados, en que se apliquen os coñecementos adquiridos, se ofrezca unha síntese, se contrapoñan puntos de vista ou teorías..., sempre cunha visión crítica e reflexiva.	AJ19 AJ21 AJ25 AJ26 AJ27 AJ33 AJ35	CC1



Saber realizar unha análise crítica da literatura e os discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.	AJ3	CC1 CC4 CC6 CC7
	AJ8	
	AJ10	
	AJ11	
	AJ14	
	AJ15	
	AJ18	
	AJ21	
	AJ25	
	AJ27	
	AJ34	
	AJ35	

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Revisión metodolóxica dos contidos relevantes no ensino da literatura	1.1. Introducción: cuestións contextuais 1.2. A necesidade de revisión da historiografía literaria. Canon e presenza das mulleres 1.3. Novas tendencias no ensino da literatura 1.4. Revisión crítica de obras, autoras e autores
2. Adaptación das literaturas galega e española ao marco curricular	2.1. A lectura comprensiva e crítica 2.2. O comentario de textos 2.3. Selección de lecturas representativas

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Workbook	A6 A7 A8 A10 A11 A13 A14 A16 A15 A17 C3 C4 C6 C7	0	14	14
Workshop	A1 A3 A13 A21 A26 A27 A32 A34 A35 C1 C3 C4 C8	12	16	28
Mixed objective/subjective test	A3 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A19 A33 C1	2	10	12
Supervised projects	A3 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 A32 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8	1	24	25
Introductory activities	A1 A33 C1 C4	1	0	1
Guest lecture / keynote speech	A6 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A18 A19 C4 C6 C7	12	6	18
Personalized attention		2	0	2

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Workbook	Formando parte do seu traballo autónomo, os/as estudantes deberán ler os textos proporcionados ao longo do curso. Estas lecturas serán obxecto de análise tanto nas sesións de obradoiro coma na proba mixta.
Workshop	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistras coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos, elaboración conxunta de materiais, exposicións etc. En ocasións poderán ter como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente polas profesoras.
Mixed objective/subjective test	Ao final de curso, na data oficial, as/os estudantes deberán realizar unha proba mixta de carácter teórico-práctico.
Supervised projects	As profesoras propoñerán nas primeiras sesións uns temas de traballo, relacionados con algún aspecto da materia, para seren desenvolvidos individualmente nun traballo escrito que deberá ser entregado na data marcada a principios de curso. Neste traballo o alumnado deberá aplicar os coñecementos adquiridos ao longo das sesións da materia. Valorarase fundamentalmente a capacidade de reflexión e a orixinalidade das achegas, o rigor no tratamento do tema escollido, así como a clareza expositiva e expresiva.
Introductory activities	Na primeira sesión do curso levaranse a cabo distintas actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar convenientemente a docencia da materia.
Guest lecture / keynote speech	Exposición e explicación de contidos e reflexións para propiciar o posterior traballo autónomo do alumnado.

### Personalized attention

Methodologies	Description
Workshop Guest lecture / keynote speech Mixed objective/subjective test Workbook Supervised projects	O alumnado poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada das profesoras, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación do traballo tutelado, da proba mixta, como nas sesións dedicadas ao obradoiro ou nas lecturas, mais non debe suplir as explicacións que non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente acudindo ás titorías. Os/as estudantes que non poidan asistir no horario previsto para as Titorías, poderán concertar entrevistas por medio do correo electrónico.

### Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Workshop	A1 A3 A13 A21 A26 A27 A32 A34 A35 C1 C3 C4 C8	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula, así como a realización das lecturas.	20
Mixed objective/subjective test	A3 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A19 A33 C1	Aplicaranse os seguintes criterios de avaliación: - adecuación da resposta á pregunta formulada - correcta estruturación do discurso - corrección ortográfica, sintáctica e gramatical  Para superar a materia a calificación mínima desta proba deberá ser de 4 puntos sobre 10.	40
Supervised projects	A3 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 A32 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8	O traballo final obrigatorio, elaborado individualmente, desenvolverá un tema relacionado con algún aspecto da materia. Formalmente axustarase ás pautas definidas polas profesoras no inicio do curso. Valorarase fundamentalmente a capacidade de reflexión e a orixinalidade das achegas, o rigor no tratamento do tema escollido así como a clareza expositiva e expresiva.	40



## Assessment comments

### 1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

### 2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE(XULLO)

2.1. Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá de realizar a proba mixta e presentar o traballo tutelado. A data límite de entrega do traballo tutelado será a marcada para o exame do mes de xullo.

2.2. Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro). Así a valoración estará composta polo 60% dos "Traballos tutelados" (que incluírá unha presentación oral) e o 40% da "Proba mixta".

### 3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada estudante será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de CC. da Educación, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

### 4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

### 5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto coas profesoras da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

### 6. OUTRAS PRECISIÓNS

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). No xeral, a falta de honradez académica nunha proba conlevará a cualificación de 0 nesa convocatoria e, noutros traballos, a reprobación da actividade concreta.

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>).

## Sources of information



<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Aller García, Carlos (1998). Animación a la lectura II: juegos y actividades para después de leer. Sevilla. Quercus</li><li>- Bordons, Gloria / Díaz-Plaja, Ana (2006). Enseñar literatura en secundaria. Barcelona. Graó</li><li>- Fernández Paz, Agustín (2004). Lingua e literatura: educación secundaria obrigatoria. Vigo. Xerais</li><li>- García Negro, Pilar / Costa Casas, Xoán (1995). O ensino da lingua: por un cambio de rumbo. Introducción teórica e Unidades didácticas. A Coruña: AS-PG</li><li>- García Padrino, Jaime / Medina Padilla , Arturo (dirs.) (1988). Didáctica de la lengua y la literatura. Madrid: Síntesis</li><li>- García Rivera, Gloria (1995). Didáctica de la literatura en la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid. Akal</li><li>- Marco López, Aurora (1997 ). Lingua, literatura e arte: aspectos didácticos. Santiago: USC</li><li>- Martín Vegas, Rosa Ana (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Madrid. Síntesis</li><li>- Navarro Durán, Rosa (1995). La Mirada al texto : comentario de textos literarios. Barcelona: Ariel</li><li>- Pozuelo Yvancos, José Mª (2007). Desafíos de la Teoría. Literatura y géneros. Mérida. Venezuela. El otro@el mismo</li><li>- Rodríguez, Francisco (1990). Literatura galega. Problemas de método e interpretación. Vilaboa-Pontevedra. O Cumio</li><li>- Sánchez Miguel, Emilio (2010). La lectura en el aula: qué se hace, qué se debe hacer y qué se puede hacer. Barcelona. Graó</li><li>- Silva Valdivia, Bieito (coord.) (2005). A literatura na educación secundaria. Santiago: Instituto de Ciencia da Educación</li><li>- Silva Valdivia, Bieito (dir.) (2008). Situación do ensino da da lingua e da literatura na educación secundaria obrigatoria . Santiago: Consello da Cultura Galega</li><li>- Torres Feijoo, Elías (2004). "Roma locuta causa finita? Sobre docência e crítica da literatura e da cultura? . Aurora Marco et al. (eds.), Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctic</li></ul> <p>Ademais dos títulos sinalados, as profesoras poderán proporcionar outros textos ou materiais a través do Campus Virtual.</p>
--------------	---



<b>Complementary</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Abuín, Anxo / Tarrío, Anxo (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da península Ibérica. Santiago: Servizo de Publicacións USC</li> <li>- Aguiar e Silva, Vitor M. de (1993 ). Teoria da Literatura. Coimbra. Livraria Almedina</li> <li>- (). Bibliografía Española, Madrid, Servicio Nacional de Información Bibliográfica (luego Instituto Bibliográfico Hispánico, luego Biblioteca Nacional), 1959 y ss. Refundición anual del Boletín del Depósit.</li> <li>- Blanco, Carmen (1991). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais</li> <li>- Carballo Calero, Ricardo (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo. Galaxia</li> <li>- Marchese, A. / Forradellas, J.&amp; (1991). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona. Ariel</li> <li>- Mainer, José Carlos (2010-2012). Historia de la Lliteratura española, 9 vols.. Barcelona: Crítica</li> <li>- Pena Presas, Montse (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago de Compostela: Laiovento</li> <li>- Reyes, Graciela (ed.) (1989). Teorías literarias en la actualidad . Madrid. Ediciones el arquero</li> <li>- Rico, Francisco (1979-1999). Historia y crítica de la Lliteratura española, 18 vols. . Barcelona: Crítica</li> <li>- Rodríguez Cacho, L. (2009). Manual de historia de la literatura española. Madrid. Castalia</li> <li>- Rodríguez Fer, Claudio (1991 ). Arte literaria . Vigo: Xerais</li> <li>- Tarrío, Anxo (1994). Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica. Vigo: Xerais</li> <li>- Tarrío, Anxo (coord.) (2000). Galicia. Literatura, vols. 31-34. A Coruña: Hércules de Edicións</li> <li>- Vázquez Cuesta, Pilar (1980). &amp;quot;Literatura gallega&amp;quot;, in Díez Borque. J. M<sup>º</sup>. (ed.), Historia de las literaturas hispánicas no castellanas, pp. 621-896. Taurus: Madrid</li> <li>- Vilavedra, Dolores (1999). Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia</li> <li>- Vilavedra, Dolores (coord.) (1995-2004). Diccionario da literatura galega, a4 vols. Vigo: Galaxia</li> <li>- Viñas Piquer, David (2002 ). Historia de la crítica literaria . Barcelona. Ariel</li> <li>- VV.AA. (1996-1998 ). Historia da Literatura Galega, 5 vol. . Vigo. A Nosa Terra</li> <li>- VV.AA. (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo:. A Nosa Terra</li> </ul> <p>Ademais dos títulos sinalados, as profesoras poderán proporcionar outros textos ou materiais a través do Campus Virtual.</p>
----------------------	--

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Epistemologics basaments for the Galician and Spanish education of the languages and the literatures/652608821  
 Methodological for the Galician and Spanish education of the languages and the literatures in Secundar/652608822  
 Methodological and professional foundations of the galician and spanish education of the languages a/652608823  
 Proxectos de innovación e investigación educativa en língua e literatura galega e língua e literatura castelá/652608E31  
 Complementary contents for the Galician and Spanish education of the languages /652608811

### Subjects that continue the syllabus

### Other comments

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coas profesoras, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa nos enderezos electrónicos.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.